

Os cantos de Buserán...

Roteiro polo Cabo Touriñán

Lourido-Moraima



Desta volta, o roteiro terá treitos a pé e en bus, para poder visitar varios puntos de interese, algúns deles ameazados por proxectos especulativos. Comezaremos en Lourido (Muxía), onde está proxectada a construción do Parador. Tras contemplar a furna onde se desenvolve a lenda de Buserán e o cabo Vilán (onde está a piscifactoría de Stolt Sea Farm), pasaremos pola aldea de Cuño e polo seu coído, declarado punto de interese xeolóxico. Desde a praia de Nemiña (onde ía Pondal estudar latín) andaremos até Touriñán, sen perdermos de vista o mar. Alí comprobaremos o impacto ambiental e paisaxístico que tería a granxa acuícola de Pescanova, proxectada pola Xunta no propio cabo. Veremos tamén a desembocadura do río Castro, a praia de Mar do Rostro e o cabo da Nave. Remataremos o noso percurso en Moraima, cuxa igrexa románica serviu de lugar de agocho ao rei Afonso VII.

Roteiro a pé e en bus (dificultade baixa)

DOMINGO, 22 de ABRIL de 2012

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 8.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

20 Maio: Monte Pindo (Costa da Morte)
17 Xuño: Serra do Galiñeiro (Vigo)

+INFO:

www.adega.info

roteirosadegalugo.blogaliza.org



O PERCORRIDO

O roteiro por Touriñán suporá andar pouco porque non hai moitos camiños longos, por iso propoñemos un itinerario no que combinemos as visitas a pé e en bus. Comezaremos na aldea de Lourido (a 2km da vila de Muxía) onde observaremos a súa marabillosa praia e dunas, que se verían impactadas pola pretendida construción do Parador turístico de Muxía. Desde Lourido colleremos o bus até o camiño que vai á Punta de Buitra. Desde alí camiñaremos dous quilómetros para ver de lonxe onde está a furna da Buserana. Desde alí tamén se ve Muxía e o cabo Vilán (alterado tamén pola piscifactoría de Stolt Sea Farm). Volveremos ao bus para coller rumbo á aldea de Cuño (a menos dun quilómetro), cuxa praia de cantos rodados está declarada punto de interese xeolóxico. A baixada é duns 600m e de dificultade baixa. Volveremos ao bus para desprazarnos até Nemiña (onde Pondal ía estudar latín). Desde alí partiremos para Touriñán tendo presente o mar en todo o camiño: praia de Nemiña, desembocadura do río Castro (piscifactoría Tres Mares), praia de Mar do Rostro, cabo da Nave. Xa en Touriñán visitaremos a aldea de Campos (a máis occidental de Galiza) e baixaremos cara ao coído, onde está prevista a piscifactoría de Pescanova. Á beira do mar andaremos até o faro. Se nos dese tempo, iríamos a Moraime, a 3 km de Muxía. A súa igrexa románica conserva restos da época romana e xermánica e nela estivo agochado o rei Afonso VII.

Durante o percorrido, contaremos coa inestimable compañía dun gran coñecedor da zona, Manuel Vilar, quen nos explicará a lenda da Buserana, a lenda da Virxe da Barca e tratará outros temas de interese cultural como a procedencia do nome da Costa da Morte, naufraxios, os fachos, os faros, a pesca do percebe, a recollida de argazo, Pondal, lendas do Castelo (illote de Touriñán), etc.

LENDA DE BUSERÁN



En tempos remotos había na cima dun castro, no lugar dos Castelos, unha gran fortaleza pertencente a un rico e valente cabaleiro, pai dunha fermosa moza chamada Frolinda. Nunha das súas ausencias obrigadas do dono do castelo, chegou ás portas un valente mozo chamado Buserán. Era trovador de cantigas de amor e guerra. Entrou na fortaleza, e ao atopar a Frolinda namoráronse. Chegou o pai de Frolinda de loitar de afastadas terras e, coñecendo os amoríos da súa filla, expulsou ao trovador e encerrou a Frolinda nun recuncho da fortaleza. Esta decisión fixo que os dous mozos se quixeran máis aínda, e tódalas noites Buserán dirixía cantigas á súa amada desde os outeiros dos arredores.

O cabaleiro, enfurecido, ordenou a persecución e morte de Buserán. Así o fixeron os criados. Colleron a Buserán e tirárono desde o alto dun cantil a unha furna da costa, afogando para sempre a súa voz.

Posta en liberdade Florinda e tendo coñecemento do tráxico fin de Buserán, toleou e andou durante moitos días e noites pola beira do mar chamando ao seu amado.

Unha noite, un criado deulle ao cabaleiro a noticia de que viran á súa filla berrando no alto da furna:

—Onde estás Buserán?

E desde o máis fondo do mar escoitábanse as cantigas do trovador. De repente, unha onda xigantesca, desfeita en espuma, ascendeu polos cantís e envolveu a Frolinda, levándoa con ela ao fondo da furna. O eco da voz de Buserán resoou durante moitos anos, segundo aseguraban os pescadores que faenaban preto da furna. Aínda hoxe se lle atribúe ao lugar a facultade de outorgar correspondencia de amor a todo aquel que se achegue a soliciala.